

Benvidas

ao 2º ciclo de

Educación Infantil



# 1. PERÍODO DE ADAPTACIÓN

É un proceso polo cal o neno/a se integra na vida escolar, descubriendo un lugar onde existen outros nenos/as, onde hai que aceptar algunhas normas, compartir, esperar quendas, establecer vínculos e “deixar de ser eu” para “comezar a ser nós”.

Será en setembro, ao longo de cinco días dende o inicio do curso escolar (**do 11 ao 15 de setembro**).

## Que supón o período de adaptación?

### Para a nena ou o neno:

- Horario establecido dende fóra.
- Espazos descoñecidos.
- Saír da súa contorna e dos seus afectos.
- Separarse de persoas significativas.
- Coñecer a outras persoas adultas e a outros nenos/as.
- Relacionarse por imposición con outros nenos/as.

### Para as familias:

- Separación do seu fillo ou filla.
- Compartir a educación do seu fillo/a con outras persoas.
- Adaptación a unha nova situación que marca o inicio dun novo período vital.

Por todo iso, **as familias debedes:**

- **Valorar o centro educativo** como un lugar que educa. A vosa actitude inflúe nos vosos fillos/as.
- Ter unha disposición seria para **colaborar co centro**.
- **Ser conscientes do que supón o período de adaptación** para o voso fillo/a, mestre/a e vós mesmos/as, obrando en consecuencia.
- **Esixir unha información e comunicación fluída e respectuosa co centro e/ou mestre/a, transmitindo as vosas inquietudes, os vosos medos e desexos.**

### **Posibles reaccións infantís nos primeiros días de clase:**

- Aferrarse a un material. A nena/o recorre a un obxecto cun valor afectivo importante, o cal lle da seguridade. A medida que pasa o tempo debemos animala/o a desprenderse del.
- Agarrarse con forza á persoa familiar cando chega o momento de separación. Nunca se debe “arrincar” á rapaza ou rapaz do seu ser querido, senón que debe ser a persoa acompañante a que facilite a separación.
- Agresión. Algunhas nenas/os mostran unha conduta agresiva (morder, pegar, rabuñar) motivada pola súa inseguridade ou rexeitamento ante a escola.
- Choros. Esta é unha reacción que ás veces se dá por contaxio, se ven que algún compañeiro/a chora creárase unha inseguridade que se manifestará en bágoas.
- Vómito. Soe darse a consecuencia do choro.

### **Orientacións para os primeiros días:**

- Designar a unha persoa de referencia que sexa a encargada de vir con el/ela os primeiros días.
- Espertar ao neno/a con tempo dabondo para almorzar e vestirse con calma.
- Chegar puntual respectando horarios de entrada para non perder as rutinas comúns.
- Facer despedidas afectivas pero curtas, con tranquilidade, sen mentir sobre a onde imos ou sobre o tempo que tardaremos en vir, amosando despreocupación e normalidade. Non prometer o que non se vai cumprir (agora volvo, vou facer un recado, agardo aquí fóra ...).
- Non acaparar ao profesorado nos horarios de entrada e de saída, porque deberá ocuparse do resto do alumnado.
- Transmitir mensaxes positivos sobre o colexio, establecendo relacións de amizade e colaboradoras co mestre/mestra.
- Recoller aos nenos/as con puntualidade, evitando frustracións e desgustos inútiles. Acollelos con naturalidade centrándose no que fixeron, nos seus compañeiros/as ...
- Favorecer as relacións positivas con seus compañeiros/as, preguntando polos seus nomes.

## 2. HORARIOS

- O horario do centro é de **09:30h a 14:30h**. Na etapa de infantil a entrada será graduada de 9:10 a 9:30.
- Unha importantísima norma de convivencia é a **PUNTUALIDADE**. Rogamos que sexa respectada tanto nas entradas como nas saídas.
- Cando veñan buscar a un neno/a durante o horario lectivo, teñen que cubrir un papel no edificio principal e firmalo quen o leva, especificando o motivo (acudir o dentista, pediatra ...).
- Cando un neno/a falta a clase recoméndase remitir unha nota escrita e firmada á titora en canto se volva a incorporar ó centro. Asemade, se se sabe previamente que vai faltar por un determinado motivo, débesele comunicar ao titor/a.
- O **horario de atención a nais e pais será os martes, de 18:00h a 19:00h**. Recoméndase concertar a cita con anterioridade (a través da axenda de aula, a plataforma Abalar ...) para poder falar previamente cos outros mestres e mestras especialistas do alumno/a.
- No horario lectivo a parte de levar a cabo unha aprendizaxe globalizadora, significativa e lúdica co titor ou titora, terán as seguintes especialidades ao longo da semana:

1. Música
2. Iniciación á lingua estranxeira.
3. Obradoiro de inglés.
4. Psicomotricidade.
5. Relixión católica / atención educativa.
6. Obradoiro de Art en inglés.

## 3. O CENTRO

- As aulas de 4<sup>o</sup>, 5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> de infantil atópanse no edificio de abaixo (edificio de infantil). Os aseos atópanse dentro das propias aulas.
- Referente ás zonas de xogos, podemos distinguir:
  - 1º) Recunchos dentro das aulas con diversidade de xogos.
  - 2º) Patio de infantil con zonas diferenciadas: *patio cuberto* con circuíto de psicomotricidade no chan, *zona de céspede*, *areeiro*, *zonas de tobogáns* e de *bicicletas*.

## 4. ROUPA

### Roupa en xeral:

É necesario que o alumnado de infantil traia roupa cómoda e práctica que favoreza a súa autonomía e movemento, polo que:

- **Non deben traer tirantes nin cintos** xa que son incómodos á hora de ir aos aseos.
- Recomendamos que lles mandedes roupa con goma na cintura.
- **Non deben traer calzado con cordóns**, é preferible traer calzado con velcro ou cremalleira, con facilidade para poñer e quitar eles sós.
- As prendas máis cómodas son roupa tipo chándal.
- Dado que os abrigos ocupan bastante, por favor, **poñédelle a todos os abrigos, chaquetas, sudaderas, xerseis e mandilóns unha goma no pescozo** para que non caian da percha
- **Imprescindible poñerlle o nome** a todas as prendas de vestir (chaquetas, xerseis, chándal, abrigos), mochilas, botellas de auga, tupper...

### Mandilón:

Teñen que traer un mandilón para evitar mancharse con pintura, pegamento, témperas, pintura de dedos ... mais recomendamos cumprir uns determinados requisitos:

Abertura dianteira	Deben ser <b>abertos por diante</b> e con botóns.
Puños	Deben ter <b>goma</b> .
Cinta no pescozo	Para evitar que estean no chan e lles sexa doado de colgar na percha poñédelle unha <b>cinta ou goma</b> .
Nome	<b>Identifícase cada mandilón</b> co nome do neno/a en MAIÚSCULA.
Color	Este curso o alumnado de 3 anos terá mandilón VERDE.

### Chándal:

O día que teñen psicomotricidade deben traer chándal, tenis e, preferiblemente, pelo recollido.

## 5. ESFÍNTERES

O alumnado que entra no 2º ciclo de Educación Infantil **é importante que teña dominado o control de esfínteres** (pis e caca).

- Non traerán cueiro ao colexio.
- Cando algún neno/a teña que ser mudado empregaremos a muda que nos facilitaredes a principio de curso nunha caixa.
- A maiores o alumnado deberá ter adquiridos os seguintes hábitos:
  - Autonomía para ir ao baño.
  - Autonomía para vestirse e espirse.

## 6. ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE

Dada a importancia que a linguaxe ten no pensamento e na comprensión do mundo que nos rodea, é preciso que teñamos en conta unha serie de premisas:

- Os adultos somos referentes lingüísticos das nenas e nenos; é dicir, somos modelos ós que tenden a imitar, por ese motivo debemos evitar empregar palabras infantís como “guaguau”.
- Sería conveniente evitar xa o emprego do chupete, xa que pode modificar a súa anatomía orofacial.
- Non debemos corrixir os erros de fala da nena ou neno, pero si ofrecer inmediatamente o modelo correcto.
- Procurar non obsesionarvos coas dificultades na fala porque esa ansiedade é transmitida aos cativos e cativas.
- Dedicádelle un tempo diario para que fale, dándolle o tempo suficiente para que se exprese.
- Favorecede unha mastigación e deglutición que axude á motricidade e mobilidade dos órganos bucofonatorios (reducir o consumo de comida triturada e de pan de molde).
- É positivo realizar xogos lingüísticos (vexo-vexo, adiviñas, contar contos...).

- É útil tamén o emprego de xoguetes de sopro para gañar en intensidade e control: palliñas, mini-instrumentos de vento, chifre, lingua de sogra (*matasuegras*), facer pompas de xabón ...
- Aproveitar o lavado de dentes para xogar: manter auga na boca, facer gargarexos, facer acenos no espello, embazalo mediante a respiración...
- Para exercitar a mobilidade da lingua, beizos e mandíbula podedes visualizar vídeos de Youtube sobre praxias.

## 7. MERENDAS

As merendas deben ser equilibradas e sans. **Recomendamos** que:

- Variades as merendas (bocadillos, froita, iogures...) segundo os días da semana (que non quere dicir “traer de todo”), **unha soa cousa é suficiente**.
- Mandádelles **sempre unha botella de auga** (co nome) → botella sostible.
- Traer a merenda **nun tupper** dentro da mochila.
- Tanto o tupper coma a botella de auga deben ter o nome do alumno/a.

## 8. ASISTENCIA A CLASE

A asistencia a clase debe ser o máis regular posible.

- No caso de que o neno/a non se atope ben ou pasara mala noite, **NON DEBEDES** mandalo/a ao colexio.
- O alumnado debe acceder só ao aula.
- Xustificar, antes ou despois, a falta de asistencia a clase.
- Faltas de asistencia: hai que cubrir **SEMPRE** o xustificante facilitado polo centro e incorporar o xustificante médico.
- Deberedes pasar polo edificio principal cando o alumnado chega fóra do horario de entradas ou saídas ou cando o ides recoller durante a xornada escolar. É dicir, a partir das 9:35 ou antes das 14:25. Haberá que cubrir un xustificante no edificio principal. O alumnado será trasladado polo profe de guardia, de maneira que as familias non pasan polo edificio de infantil.

## 9. ANIVERSARIOS

Os nenos/as que fagan anos durante o curso escolar deben ter en conta o seguinte:

- As titoras/titores non entregamos invitacións, deberedes facelo fóra do recinto escolar.
- O alumnado poderá traer un biscoito (previa comunicación co titor/a).
- Non se poden traer lambonadas nin agasallos para repartir entre os compañeiros/as.

## 10. OUTRAS COUSAS DE INTERESE

- Alerxias / enfermidades: se o neno/a é alérxico a algo (alimento, maquillaxe de Entroido ...) ou padece algunha enfermidade, por favor, facédello saber ao titor/a dende o primeiro día de escola ou nas entrevistas persoais.

### **C.E.I.P. Plurilingüe de Tirán**

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiptiran/>

**Teléfono:** 886.11.02.71

**Correo electrónico:** [ceip.tiran@edu.xunta.gal](mailto:ceip.tiran@edu.xunta.gal)

**Instagram:** ceippluritiran